

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE DOS DICES (ROIS)
CURSO: SEGUNDO
MATERIA: INGLÉS PRIMARIA
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>
<p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.</p>
<p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</p>	<p>PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p>
<p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</p>	

B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).

B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).

PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.

<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p> <p>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.</p> <p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p> <p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p> <p>PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>
<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p>

<p>B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</p> <p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p> <p>B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).</p> <p>PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.</p> <p>PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p> <p>PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.</p> <p>PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.</p> <p>PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.</p>
--	--

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - Observación directa. - Revisión do traballo diario.
	Instrumentos: - Rexistros do traballo realizado.
Cualificación final	A cualificación final de curso obterase tomando como referencia os resultados do 1º e 2º trimestre e atendendo aos criterios de cualificación propostos na programación didáctica. Esta nota poderá verse incrementada coa valoración das tarefas de reforzo e ampliación, de ser o caso, realizadas no período de clases non presenciais

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades do terceiro trimestre están enfocadas, maioritariamente, ao repaso, reforzo e recuperación do traballado durante os dous primeiros trimestres do curso. Realízanse actividades que sigan a promover a escoita, a pronunciación, a lectura e a escritura do idioma.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía utilizada neste trimestre intenta seguir sendo variada e enfocada a continuar desenrolando as catros destrezas: listening, speaking, reading and writing, con todo o alumnado.
Materiais e recursos	Os materiais utilizados para poder levar a cabo ese traballo son: fichas, cancións, xogos... O correo electrónico é o recurso que nos permite ter un feedback do traballo realizado. Na Aula Virtual preséntanse as actividades do trimestre.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias a través de AbalarMóbil ou de correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do CPPI Dos Dices.